



Expediente nº: CIPX/2017/3

Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL 3/2017

Día e Hora da Reunión: 19 de decembro de 2017, 17:00 horas

Lugar de Celebración: Multiusos da Xunqueira

Asistentes: M^a Carmen Amoedo Dasilva (presidenta), Arturo González Barbeiro, Leonardo Cabaleiro Couñago, Juan Roberto Darriba Ferradás, Xoán Carlos González Campo. Equipo redactor: Jornet Llop Pastor, María Ríos Carballeira e Gabriel Jubete Andreu. José Romero-Amich Nieto (arquitecto municipal).

Ausentes: Noé Cano Correa (substitúe Juan Roberto Darriba Ferradás) e Enrique Fojo Durán.

Orde do Día: 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS PXOM QUE AFECTAN Á PARROQUIA DE REDONDELA.

[ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL](#)

INCIDENCIAS:

Os concelleiros Darriba Ferradás (AER) e González Campo (BNG) incorporáronse unha vez escomenzada a sesión, logo da votación do primeiro punto da orde do día e no comezo da exposición do punto segundo da orde do día.

No edificio do Multiusos da Xunqueira, previa convocatoria, reuníronse, os/as devanditos/as concelleiros/as baixo a presidencia de M^a Carmen Amoedo Dasilva, asistidos de min, a Secretaria da comisión, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia declarouse aberta a xuntanza sendo as 17:00 horas, pasándose a tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta do borrador da acta da sesión número 2 /2017 do 31/10/2017.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbbase nos seus propios termos de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, por unanimidade dos membros presentes.

2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS PXOM QUE AFECTAN Á PARROQUIA DE REDONDELA.

A presidenta da comisión agradece ao equipo redactor que manteña o calendario da exposición acordado, lembrando que a finalidade desta xuntanza é dar a coñecer aos membros da comisión os traballos realizados polo equipo redactor que afectan á parroquia de Redondela, tal como se acordou na sesión anterior celebrada o 31/10/2017, dando paso ao equipo redactor.

O membro do equipo redactor, Jornet Pastor, comeza a exposición dos traballos, para o cal sírvese dunha pantalla dixital onde se proxecta un plano con distintas capas da parroquia de Redondela, fai primeiro unha introdución, di que a sesión está centrada

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



en Redondela e no sistema urbano, quedando emprazados á última sesión, o resto das parroquias e Cesantes, para logo presentar o borrador en febreiro. Deseguido pasa á exposición dos traballos, fala de catro grandes bloques de análise: mobilidade-accesibilidade, zonas verdes e equipamentos, textos produtivos e estratexia de textos residenciais. En canto á estratexia de mobilidade, de tres bloques: mobilidade territorial, mellora da trama urbana, e mobilidade saudable. Di que a mobilidade ten como finalidade solucionar o tráfico que pasa polo centro de Redondela a través dun sistema radial, hai unha aposta por construír unha radial, o arco de Redondela (á que denomina R-20), que vai permitir que as comunicacións pasen arredor do centro, a través do arco e elimínalo do centro. O arco viario, será o resultado de xuntar infraestruturas, dende a rotonda do Convento Vilavella, seguido dun túnel, e logo pégame á infraestrutura do AVE, enlaza coa vía de Pazos ao lado da estación, terminando na parte superior, con outra rotonda, segundo o percorrido que amosa no plano do proxector. Fala de tres niveis de xerarquía: territorial, estruturante e estrutura-conexión-acceso.

O concelleiro Cabaleiro Couñago, interveñe dicindo que non está de acordo, respecto á proposta do arco de Redondela que se propoñe para desconxestionar o tráfico de Redondela, xa que non da solución ao tráfico, di que non libera o tráfico na estrada nacional. Sabe que hai que darlle saída ao tráfico, pero entende que non daría solución. Lembra a oposición dos veciños ás propostas das variantes da A-59 e pregunta se a radial vai ter impacto.

O arquitecto resposta que o tráfico que vai de municipio a municipio, con esta proposta non pasa polo centro de Redondela pero si pola estrada nacional. Engadindo, Llornet Pastor, que a proposta non vai ter impacto e que se plantexa a longo prazo, facendo unha reserva.

O concelleiro Darriba Ferradás di que é unha opción, tamén propoñe outra, que é estudar a que vai pola beira da ría para desconxestionar o tráfico de Redondela.

A presidenta, Amoedo Dasilva, interveñe indicando que o que hai que facer é buscar unha solución que sexa viable.

O concelleiro González Campo, pregunta ao equipo redactor, se plantexan o vial como de carácter local, e pregunta se vai reducir o tráfico de Redondela e se se vai adquirir o compromiso de que o outro tráfico que depende doutras infraestruturas segan a afectar ao centro de Redondela. Pregunta se con a autovía desaparecen as estradas nacionais. Di que crear unha nova vía de esas características é cambiar o percorrido, trasladar o tráfico pero que non o libera, xa que non se sabe cando se vai facer a autovía. Remata dicindo que este novo vial proposto é unha novidade.

O membro do equipo redactor, Llornet Pastor, plantexa que o centro de Redondela soporta tráfico territorial que non ten que ver con Redondela, di que descoñece se se vai facer a A-57, e que a vía proposta teñe a finalidade de mellorar o tráfico de tránsito. Logo segue a súa exposición amosando os distintos viais que se plantexan na parroquia, fala das áreas interiores e fondos de saco. Outra momba do equipo redactor, Ríos Carballeira, engade que coa proposta o que se quere é aproveitar os camiños existentes, e ser coidadosos con eles.

Llornet Pastor continúa falando da rede de mobilidade saudable: a senda costeira, Camiño de Santiago, peonís, unha mobilidade máis fina, que é a do peón. Os cales terán un tratamento específico normativo. Logo fala dos textos residenciais;



diferenciando aos que corresponderían ás distintas clasificacións do solo, o que pretenden facer é que sexa resultado dunha introdución de criterios con indicadores ponderados: que de fronte rúa con servizos, rúa sen servizos, que non teña rúa, que non estea edificada. Distinguindo por cores segundo o cadro que amosa, dende o verde máis intenso ata o vermello a parcelas non edificadas con pendente maior a 50%, o que xera planos de cartografías con cores e o reaxuste das delimitacións. No solo urbano, buscan ampliar con zonas, por cotinuidade á malla urbana, recoñécense novos solos rurais que no planeamento vixente non están, así como axustes a parcelas. Procurando que o límite sexa claro. Remata dicindo que cos números que traballan, lles indican que están tendo exceso da mancha que están recoñecendo, pero que aínda teñen que profundizar máis, xa que ésta é a fase do borrador.

Darriba Ferradás, pregunta se isto podería incidir nas zonas urbanizables das restantes parroquias e verse prexudicadas.

Ríos Carballeira, resposta que están falando de datos do conxunto, que nos números se inclúen tamén os núcleos rurais que están dentro das parroquias.

Llornet Pastor logo segue co solo urbano non consolidado, identificando os sitios onde está pendente unha urbanidade, bolsas onde eran rústicos ou espazos onde a proporción de parcelas non edificadas é moi superior ás edificadas.

O arquitecto municipal lle pregunta se hai un criterio para delimitar os ámbitos.

Jornet Pastor lembra que aínda están na fase do borrador e que teñen que estudar con máis detalle as delimitacións, resposta que intentan que poida entrar toda a parcela, tendo como base o parcelario.

O concelleiro González Campo pregunta en relación aos solos industriais.

Jornet Pastor resposta que o solo necesario para garantir polígonos industriais competitivos sería de 30 ou 40 hectáreas, co cal non conta Redondela. Van apostar por localización de sectores mixtos de competitividade, retirando zonas que antes estaban recoñecidas, por non ser lóxicas, desclasificando os mesmos. Indicando que a actividade non desplaza aos residenciais, di que teñe que haber normas de compatibilidade e boa convivencia, indicado tres factores: fogo, ruído e carga e descarga, nos que hai que poñer medidas correctoras, para garantir a boa convivencia entre a actividade e residencial. Para rematar a exposición dos traballos, fala doutro boque, as zonas verdes e corredoiros, amosándoos no plano do proxector. Recoñecemento das pezas con articulación dos elementos territoriais, que van permitir unha conexión co todo o sistema verde. Nun principio non teñen detectado un grande déficit de equipamentos, pero esperan que se lles indiquen se hai necesidades.

A presidenta, Amoedo Dasilva, remata informando aos asistentes que a seguinte xuntanza será o 29 de xaneiro, ás 17:00 horas e que se realizará, de xeito formal, logo a convocatoria.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levantouse a xuntanza sendo as dezoito horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, do que, como Secretaria, dou fé.

Documento asinado electronicamente á marxe.